BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

XOVES, 22 DE OUTUBRO DE 2020 N.º 242

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS. SERVIZO PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: MELLORA DA ESTRADA LU-124. TREITO: LINDÍN (A8)-A CRUZ DA CANCELA (LU-122).

Termo municipal: MONDOÑEDO

Clave: LU/15/101.10

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 19 de novembro de 2020

Lugo, 8 de outubro de 2020.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: X1777

Término municipal de:	MONDOÑEDO
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	
Clave:	LU-15-101-10

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
25CO; 24CO	DIRECCION GENERAL DEL PATRIMONIO DEL ESTADO-MINISTERIO DE ECONOMIA Y HACIENDA	RÚA DO TEATRO, N.º 4-27001 LUGO

R. 2497

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

POBRA DO BROLLÓN.- CONSTRUCIÓN DE CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (EX015OB20AB)

EXPTE GTM: 2020/CON_01/000048

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
O PRESIDENTE, JOSÉ TOMÉ ROCA, por decreto de data 26-07-2019. O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONOMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2498

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS. SELECCIÓN, PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DENOMINADO ASESOR/A TÉCNICO/A ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.

A Presidencia da Deputación de Lugo con data 16 de outubro de 2020 adoptou a seguinte resolución:

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"En consideración a que artigo 101 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local sinala que os postos de traballo vacantes que deban ser cubertos por funcionarios, salvo os que correspondan a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, proveranse en convocatoria pública polos procedementos de concurso de méritos ou por libre designación, de acordo coas normas que regulen estes procedementos en tódalas Administracións Públicas; e que as ditas convocatorias de provisión de postos de traballo, ademais da participación dos funcionarios propios da entidade convocante, poderán participar os funcionarios que pertenzan a calquera das Administracións Públicas, quedando neste caso supeditada a participación ao que ao respecto establezan as relacións de postos de traballo.

Tendo en conta o disposto sobre estes procedementos de provisión de postos na Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que sinala:

No artigo 88

" Principios xerais

1. Os postos de traballo reservados ao persoal funcionario de carreira proveranse de forma ordinaria polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación con convocatoria pública, de acordo co que figure na relación de postos de traballo e con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2. As convocatorias para prover postos de traballo polo procedemento de concurso, ordinario ou específico, ou de libre designación, así como as respectivas resolucións, débeas facer públicas no diario oficial correspondente o órgano competente para efectuar as adxudicacións dos postos."

E no artigo 92:

"Libre designación con convocatoria pública

1. A libre designación con convocatoria pública consiste na apreciación discrecional polo órgano competente da idoneidade dos candidatos en relación cos requisitos exixidos para o desempeño do posto.

2. Soamente se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

Os postos clasificados como de libre designación estarán sometidos a dispoñibilidade horaria nos termos que se establezan regulamentariamente.

3. As convocatorias para a provisión de postos por libre designación incluirán os seguintes datos:

a) A identificación do posto.

b) Os requisitos necesarios para participar na convocatoria.

4. O órgano competente para a adxudicación dos postos pode solicitar a intervención de especialistas que permitan apreciar a idoneidade dos candidatos.

5. Nos supostos de provisión polo procedemento de libre designación de postos de traballo abertos a persoal funcionario docente nas relacións de postos de traballo, calquera que sexa o corpo a que pertenza, ou ao corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa, este persoal terá dereito á reserva do posto de traballo docente ou da función inspectora de procedencia, sempre que o ocupase con carácter definitivo".

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

Por outra parte, en relación ás previsións recollidas no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para o caso de cese, remoción ou supresión destes postos de traballos, cuxa provisión se realiza polo sistema de libre designación; no suposto de que o persoal funcionario que obteña o posto que se pretende proveer proveña doutra administración, a Deputación manifesta a intención de ofrecerlle ao persoal funcionario cesado a súa adscrición a outro posto de traballo conforme ao sistema de carreira profesional e provisión de postos vixente na Entidade. No caso de que o persoal afectado decline aceptar o dito ofrecemento e opte por solicitar o reingreso na administración de orixe, deberase facer conforme ao procedemento e condicións recollidas no artigo 84.3 da citada disposición.

Visto que na Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo vixente, figura vacante e dotado o posto de traballo nº I221, denominado "Asesor/a Técnico/a", cuxas características e requisitos de cobertura figuran no Anexo I, a proveer polo sistema de Libre Designación; esta Presidencia, considerando necesario para o bo funcionamento do Servizo de Contratación e Fomento, ao que está adscrito o dito posto, que sexa provistado regulamentariamente; en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; e o artigo 54.24 do Regulamento Orgánico da Deputación provincial de Lugo (BOP nº 202, do xoves, 3 de setembro do 2020), RESOLVE:

1º.- Aprobar as bases que rexerán a provisión do posto de traballo de persoal funcionario da Deputación de Lugo número I221 denominado Asesor/a Técnico/a adscrito ao servizo de contratación e fomento, polo sistema de libre designación.

2º.- Convocar a quen reunindo os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, desexen participar no procedemento de provisión

3º.- Ordenar que se leve adiante a publicación desta convocatoria e das Bases no BOP, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE) e a execución dos trámites legalmente previstos e necesarios para levar a cabo a provisión do referido posto de traballo."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ***RESOLVO:***

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes" .

A presente resolución pon fin á vía administrativa, polo que contra esta cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.
A SECRETARIA XERAL,

BASES PARA PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO, DENOMINADO "ASESOR/A TÉCNICO/A", ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FORMENTO, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.

1. NORMAS DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerase polo disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, R.B.R.L.; no Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; na Lei 30/1984, de 2 de agosto de M.R.F.P.; no R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, T.R.R.L.; e conforme ao artigo 168 do anterior R.D 781/86 polas normas que en desenvolvemento da lexislación básica en materia en función pública local dite a Administración do Estado; serán tamén de aplicación o Decreto 93/1991 de 20 de marzo polo que se aproban o regulamento de provisión de postos de carreira, promoción profesional e promoción interna da Xunta de Galicia aplicable ao persoal da Administración local no que non este reservado a lexislación do Estado; e R.D. 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de traballo e Promoción Profesional de Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.

Así mesmo como normas propias desta Entidade aplicaránselle o sinalado no Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e no Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo aprobado definitivamente en sesión plenaria de 25 de setembro de 2006 (BOP 30 de setembro de 2006).

2. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes bases a regulación da provisión polo procedemento de libre designación do posto de traballo denominado **ASESOR/A TÉCNICO/A,** adscrito ao Servizo de Contratación e Fomento.

Este posto figura na vixente Relación de Postos de Traballo, está vacante e dotado orzamentariamente, está reservado ao réxime xurídico funcionarial e a súa provisión efectuarase polo sistema de Libre designación.

A convocatoria e as presentes bases publicaranse integramente no BOP, enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

Publicaranse tamén na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH), no Taboleiro de Anuncios da Entidade e no Portal do/a empregado/a.

3. CONDICIÓNS E REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN .

Neste procedemento de provisión poderán participar o persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo e de outras Administracións, que reúnan as condicións que se determinan no Anexo I das presentes bases, calquera que sexa a súa situación administrativa, excepto os suspensos en firme que non poderán participar mentres dure a suspensión.

Os requisitos de participación deberán posuírse na data que remate o prazo de presentación de instancias.

4. PRESENTACION DE SOLICITUDES DE PARTICIPACION

As persoas aspirantes que desexen tomar parte na provisión do posto de traballo que se convoca, deberán presentar solicitude axustada ao modelo oficial.

4.1. MODELO DE SOLICITUDE.

O modelo de solicitude figura como Anexo II das presentes bases e estará a disposición das persoas que queiran participar, na web corporativa da Deputación de Lugo, apartado emprego público - Recursos Humanos en formato editable.

A persoa aspirante deberá cubrir todos os apartados e relacionar no punto IV os méritos que quere facer constar e valer en relación aos cometidos e funcións do posto de traballo que se convoca.

4.2. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR COA SOLICITUDE:

a) Acreditación do nivel de galego esixido no Anexo I destas bases.

b) Os informes, certificacións, títulos e demais medios de proba (orixinais, auténticos, validados ou compulsados) que acrediten os méritos e requisitos que relaciona na solicitude.

c) Unha memoria do posto solicitado. Esta memoria consistirá nunha análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desempeño, a xuízo do candidato, con base na descrición do posto contido no anexo. A extensión da memoria será, como máximo, de dez follas en tamaño DIN-A4, mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara. O órgano que resolva o procedemento poderá opcionalmente citar a algún dos solicitantes para realizar entrevistas baseadas no contido da memoria.

4.3. PRAZO DE PRESENTACIÓN.

O prazo para presentar solicitudes será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da Convocatoria no BOE.

4.4. LUGAR DE PRESENTACIÓN.

As persoas aspirantes deberán presentar á solicitude de participación xunto coas acreditacións dos méritos e a memoria en formato PDF no rexistro electrónico da Deputación Provincial de Lugo, seguindo as seguintes pautas:

a) Entrar na web corporativa da Deputación de Lugo, sede electrónica - recursos humanos - solicitude provisión postos, alta de solicitude.

b) Acceder mediante certificado dixital utilizando un certificado electrónico recoñecido e válido.

c) Incorporar a solicitude (formato PDF)

d) Incorporar as acreditacións dos méritos orixinais, autenticados ou validados (formato PDF)

e) Incorporar a Memoria (formato PDF)

d) Asinar todos os documentos e rexistrar a solicitude.

5. PROBA DE GALEGO :

As persoas aspirantes admitidas que non acrediten o nivel de galego que se esixe no Anexo I, deberán realizar e serán convocados para unha proba de galego, que consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán, no tempo máximo que determine o Tribunal.

Esta proba, que é obrigatoria e eliminatoria, cualificarase como apta ou non apta.

Quedarán eliminados da provisión as persoas aspirantes que non acaden o resultado de aptas.

6. RESOLUCIÓN E NOMEAMENTO.

O Presidente da Deputación Provincial, previo emisión dos informes que correspondan, resolverá no prazo máximo de dous meses, dende a data na que remate o prazo para a presentación de instancias, nomeando á persoa funcionaria candidata que, reunido os requisitos esixidos, considere máis adecuada para o desempeño do posto de traballo correspondente; ou declarando deserta a convocatoria, de considerar que ningunha das

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

persoas aspirantes reúne as condicións de idoneidade necesarias para o desempeño das funcións e tarefas específicas do posto obxecto da convocatoria.

A resolución do procedemento publicarase no BOP, no Taboleiro da Deputación e na páxina Web da Entidade apartado emprego público- RRHH.

7. TOMA DE POSESIÓN.

Realizando o nomeamento polo Presidente da Deputación Provincial e no BOP, a persoa nomeada tomará posesión nun prazo de tres días hábiles.

O dito prazo empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cese que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no BOP.

De todo iso deixarase constancia no expediente individual e no libro de Rexistro.

8. IMPUGNACIÓN

As presentes bases e tódolos actos derivados das mesmas poderán ser impugnados de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9. RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproben as bases e se realiza a presente convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán ás persoas interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Presidente da Deputación Provincial de Lugo, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no BOP; ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

A SECRETARIA XERAL

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

ANEXO I

POSTO DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO QUE SE CONVOCA, A PROVER POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN:

A) POSTO QUE SE CONVOCA:

DENOMINACICÓN POSTO.	Nº DE POSTO	Nº Vac.	RX	C.D	C.E.	TP	FP	SIT	ADSCRICIÓN E LOCALIZACIÓN	DESCRICIÓN E FUNCIÓNS DO POSTO
Asesor/a Técnico/a	I221	1	F	27	1878,70	S	L	VD	Servizo de Contratación e Fomento	Asesoramento, Informe e Apoio técnico ás estruturas superiores de decisión, nas materias propias do Servizo de Contratación e Fomento, conforme ao recollido na monografía do posto.

B) REQUISITOS ESPECÍFICICOS DE PARTICIPACIÓN:

PRAZAS DOS GRUPOS/SUBGRUPOS	FUNCIONARIOS/AS QUE PODEN PARTICIPAR	CLASIFICACIÓN	NIVEL DE GALEGO ESIXIDO
A-A1 e A- A2	Persoal funcionario desta Deputación Provincial de Lugo; persoal funcionario de Administración Local, Escalas Administración Xeral ou Especial; ou persoal funcionario doutros Corpos ou Escalas do resto das Administracións Públicas, incluído o persoal docente e universitario.	Escala de Administración Xeral, subescala técnica ou de xestión; ou escala de administración especial, técnicos superiores e técnicos medios; segundo o sistema de clasificación vixente nas Administracións Locais. Persoal funcionario doutros Corpos ou Escalas correspondentes a outras Administracións Públicas	CELGA 4

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

ANEXO II-

MODELO DE SOLICITUDE DE PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO ASESOR/A TÉCNICO/A ADSCRITO AO SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FORMENTO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN DE LUGO, A PROVISTAR POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN.

I DATOS PERSOAIS:		
NOME	**PRIMEIRO APELIDO**	**SEGUNDO APELIDO**

TIPO DE VÍA	**NOME DE VÍA**		**NÚMERO**	**LETRA**	**ESCALEIRA**
PISO	**PORTA**	**PAÍS**	**PROVINCIA**	**CONCELLO**	**CODIGO POSTAL**
TELÉFONO MÓBIL			**CORREO ELECTRÓNICO**		

II. DATOS PROFESIONAIS		
Admón ou Entidade Pública na que presta os seus servizos	**Réxime xurídico**	**Situación administrativo**
Praza da que é titular		**Grupo/Subgrupo**
Posto de traballo que ocupa	**Encadramento ou adscripción**	**Nivel de Galego**
Titulación Académica		

IV. RELACIÓN DE MÉRITOS QUE FAI CONSTAR A PERSOA ASPIRANTE

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

O/A QUE ABAIXO ASINA,

DECLARA: Que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria e

SOLICITA: Ser admitido a o proceso de provisión do/s posto/s de traballo ao/s que fago referencia.

LUGO, ... de ..... de .....

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

Responsable do tratamento	**DEPUTACIÓN DE LUGO**
Finalidade do tratamento	**A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.**
Lexitimación para o tratamento	**Cumprimento dunha obrigación legal aplicable ao responsable do tratamento.**
Persoas destinatarias dos datos	**As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.**
Exercicio de dereitos	**As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.**
Contacto delegado de protección de datos e máis información	**Teléfono: 982260000 -Fax: 982180004** **Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org** **Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org**
Actualización normativa	**No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.**

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:

http://deputacionlugo.gal/gl/rexistro_actividades_tratamento/xestion_servizo_rrhh

SR. PRESIDENTE DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 14 de outubro de 2020 aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 18 de outubro ata o 18 de novembro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 14 de novembro do 2020.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2499

BURELA

Anuncio

Expediente: 1672/2020

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 7 de outubro de 2020, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Cuarto Bimestre do exercicio 2020, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación economico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 9 de outubro de 2020.- O alcalde, Alfredo Llano Garcia.

R. 2500

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

SELECCIÓN DE TRES AXENTES DE POLICIA LOCAL (OEP 2020).

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 31 de agosto de 2020 aprobáronse as bases da convocatoria indicada, as cales foron modificadas, no senso de incluír outra praza máis na convocatoria por acordo de XGL de data 21/09/2020.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ao modelo que figura nas bases penduradas na páxina web do Concello de Monforte de Lemos (www.monfortedelemos.es).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello, en horario de nove a dúas, ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de VINTE (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación de anuncio da convocatoria no Boletín Oficial Do Estado.

BASES PROCESO SELECTIVO DE TRES AXENTES DE POLICIA LOCAL

(3 vacantes correspondentes a OEP 2020)

I-NORMAS XERAIS

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto no RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, na lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais, Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais e a Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policías locais, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública , Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos e R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se aproba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

II-OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección polo sistema de oposición por turno libre de tres axentes de Policía Local deste Concello, vacantes correspondes a oferta de emprego público do ano 2020.

O proceso selectivo desenvólvese baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos, Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos e Boletín Oficial da Provincia de Lugo, Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado).

III RETRIBUCIONS

As retribucións serán as que se fixen nos orzamentos para axente de Policía Local.

IV-REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Conforme ó artigo 21 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais para ser admitidos á realización das probas selectivas, os aspirantes deberán posuír, no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española.

b) Superar os 18 años de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.

d) Estar en posesión de la titulación esixible para o acceso como funcionario do grupo C1, conforme á normativa de función pública.(Título de Bachiller ou Técnico)

e) Ser titular de los permisos de conducir de las clases A2 y B.

f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servicio das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, sen embargo, o beneficio da rehabilitación, conforma ás normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servicio e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada, ou conforme ó modelo que se exixa a convocatoria.

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

h) Presentación dun certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición, o que non excluirá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico.

i) Ter ingresado na conta ES96 2080 0126 20 3110000019 a nome do Concello de Monforte de Lemos a taxa por dereitos de exame por un importe de 18´87 €.

Todos estes requisitos deberán acreditalos na data de finalización do prazo de presentación de instancias desta convocatoria.

V-SISTEMA DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de oposición, por quenda libre, conforme as probas que a continuación se detallan:

PRIMEIRO EXERCICIO

Obrigatorio e eliminatorio.

Proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes, que deberá mostrar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario.

Consistirá na resposta por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal.

Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba calificárase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso conseguir cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula:

N = (A-F/3)/10.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas falladas ou non respostadas.

SEGUNDO EXERCICIO.

Coñecemento do idioma galego.

Os/as aspirantes que superasen o exercicio anterior e que non acreditasen estar en posesión do certificado de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, deberán realizar unha proba de galego.

A proba estará dirixida a comprobar o coñecemento do idioma galego, polas persoas aspirantes da mesma, de xeito tanto oral como escrito, e que consistirá na realización dunha tradución dun texto, castelán- galego ou galego – castelán, proposto polo Tribunal. O tempo máximo para a súa realización será de media hora. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Porén, ás persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega con carácter previo (anexo I, 4 da Orde do 16 xullo 2007, DOG do 30 xullo 2007, CELGA 4 ou equivalente) se lles dará por superada esta proba coa cualificación de apto.

TERCEIRO EXERCICIO.

Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas de aptitude física terán la cualificación de apto ou non apto.

Para obter a cualificación de apto e necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 y A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3.

Os exercicios realizáranse polo orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Se establecen diferentes marcas para cada sexo.

As probas realizáranse de forma individual, excepto as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador.

Nas probas de resistencia xeral e natación so se dispón dunha única posibilidade de execución, e no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de apto.

O desenrolo de cada unha das probas físicas deberase realizar en lugares acomodados ó tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realizarase nunha pista de atletismo o calquera zona totalmente cha de terreo compacto.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pe ou agachado, sen utilizar tacos de saída.

As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación de la proba son:

Homes: 7,40".

Mulleres: 8,20".

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e las mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexiones de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase dende a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans espidas , ó fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. No se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexiones completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexions.

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, agarrado/a coas palmas da man cara a atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo ubicado por riba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes , con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarase de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cós dous pes ó chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída mais próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

Homes: 210 cm.

Mulleres: 185 cm.

A.1.4. Proba de resistencia xeral : carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo o en calquera zona totalmente cha de terreo compacto.

O/a aspirante colocarase na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pe.

Será eliminado o corredor que abandone a pista durante la carreira.

As marcas máximas (en minutos) esixidas para a superación da proba son:

Homes: 3,30'.

Mulleres: 4,10'.

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer xiros.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no borde da piscina, ou ben no el interior del vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co borde de la saída.

Unha vez que se de o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en inmersión o por impulsión sobre la parede, conforme a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

Homes: 24".

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

Mulleres: 28".

CUARTO EXERCICIO

Probas psicotécnicas.

Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos/as aspirantes e a súa adecuación ás funciones policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicolóxico adecuado. Teñen que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de apto/no apto.

A.3.1. Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeneral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordenes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

A.3.2. Probas de personalidade.

As probas de personalidade orientaranse a avaliar os rasgos da personalidade mais significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grado de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse la existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, auto confianza, capacidade empática e interese polos demais, habilidades interpersoais, control adecuado da impulsividade, acoplamento persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento ó estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización unha proba individual, que consistirá na resposta a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico dos candidatos. De este modo, aparte de las características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse, ademais os seguintes aspectos: existencia de niveles disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grado de medicación; expectativas respecto da función policial.

EXERCICIO QUINTO

Recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes se atopen en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como apto/non apto.

Os efectos de la exclusión do/da aspirante, terase en conta o seguinte:

Obesidade-Delgadeza.

Obesidade o delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio de las funcións propias do cargo.

Índice de masa corporal (IMC) non inferior a 18,5 ni superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da talla expresada en metros.

Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico o sensorial que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funciones policiais.

Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

VI- PRESENTACION DE SOLICITUDES

Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ó Sr. Alcalde -Presidente do Concello de Monforte de Lemos con arreglo ó modelo que figura ó final destas bases (Anexo I).

A presentación das solicitude farase no Rexistro de documentos do Concello en horario de nove a dúas ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015 de procedemento Administrativo común, no prazo de vinte (20) días hábiles dende o día seguinte da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

A solicitude acompañarse inescusablemente:

.- Fotocopia do DNI en vigor, ou pasaporte do aspirante.

.- Xustificante de pago da taxa por dereitos de exame de acordo co establecido nestas bases.

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

.- Declaración xurada de non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servicio das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.

.- Compromiso por escrito de portar armas durante o servicio e, no seu caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada, ou conforme ó modelo que se exixa a convocatoria.

.- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que se especifican na correspondente proba da oposición, o que non excluirá as comprobacións posteriores do que se reflexa no certificado médico.(Artigo 21.1 h) do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias. Publicarase no taboleiro de anuncios do Concello a lista de admitidos e excluídos, indicando a causa de exclusión, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a publicación, para que subsanen os posibles defectos ou omisións na documentación presentada. De non existir aspirantes excluídos, o Alcalde – Presidente poderá elevar a definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación. Igualmente se publicará no taboleiro do Concello as datas, lugar e resultados das probas que se realicen, así como todos os anuncios derivados da convocatoria.

Para calquera aclaración ou información adicional os interesados poderá poñerse en contacto co teléfono 982 402501.

VIII-TRIBUNAL

O órgano de selección estará composto polo presidente/a, o secretario/a tres vogais así como os respectivos suplentes.

Será nomeado mediante resolución da Alcaldía.

Abstención e Recusación.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público, ou tivesen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. O presidente poderá esixir dos membros do tribunal declaración expresa de non estar incursos nas circunstancias establecidas no citado artigo. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran ditas circunstancias, segundo o disposto no art. 24 desta lei.

Actuación do Tribunal.

O Tribunal constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases xerais e nas específicas, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento Administrativo común das Administracións Públicas.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que estimen pertinentes, limitándose os ditos asesores unicamente a presta la súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto.

IX.- RESULTADO DO PROCESO SELECTIVO.

O tribunal proporá o nomeamento como funcionarios en prácticas dos tres aspirantes que, logo de ser considerados aptos en todos exercicios así cualificados, conten coas puntuacións máis altas no exercicio primeiro.

A puntuación das persoas aspirantes que superen todas as probas do proceso selectivo virá determinada pola puntuación do primeiro exercicio.

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

Toda vez que nos corpos de Policía Local de Galicia existe infrarrepresentación feminina, no suposto de empate en las puntuacións de dos ou más aspirantes acudirase, por orde, ós seguintes criterios ata que se resolva:

a) Criterio de desempate recollido no artígo 49 do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, conforme o cal el empate resolverase a favor da muller.

b) Menor tempo alcanzado na proba de resistencia xeneral, carreira de 1.000 metros lisos.

c) Menor tempo alcanzado na proba de velocidade, carreira de 50 metros lisos.

d) En último lugar, o empate se dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

Ditos aspirantes deberán realizar e superar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. A avaliación do curso de formación e o período de prácticas debe restrinxirse ós méritos e capacidades profesionais.

As características e esixencias dos mencionados curso e período de prácticas son as contidas nos artigo 16 e 17 do Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policías locais e demais normativa de aplicación.

X.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase ó que decida o Tribunal por maioría de votos.

XI.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de dous días naturais, contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello de Monforte de Lemos a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI en vigor.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudios realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenvolvemento do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentencia firme,así como, de non estar en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas

XII. - RECURSOS ADMINISTRATIVOS E XURÍDICOS:

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro e Lei 40/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico do Sector Público respectivamente.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 39/2015 do 1 de outubro.

Anuncio publicado en: Num BOP 242 año 2020 (22/10/2020 08:00:00)

ANEXO I.- SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DA CONVOCATORIA PUBLICADA NO ..... NA DATA .....

I.- DATOS DA PRAZA QUE SOLICITO:

DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO:

.....

II. DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO: SEGUNDO APELIDO: NOME:

DNI: TELÉFONO PARTICULAR:

MÓBIL:

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE

NOTIFICACIÓNS: MUNICIPIO E PROVINCIA: CÓDIGO POSTAL:

EXPOÑO:

